

## VOCABULARIO DEMOGRAFÍA

**DEMOGRAFÍA:** do grego “demos”, pobo ou poboación, e “grafos”, tratado. A demografía é a ciencia que estudia os diversos aspectos (distribución, composición, evolución, factores condicionantes,...) que afectan á poboación.

**CENSO DE POBOACIÓN:** recompilación de datos relativos ó nº de individuos que compoñen unha determinada poboación e as súas principais características. Trátase de datos de carácter variado (demográficos, socioeconómicos, socioculturais,...) recollidos, de xeito individual, entre todos os individuos que compoñen unha poboación, referidos a un momento dado (momento censal). Os censos no seu sentido moderno no comezan a se realizar ata o s.XVIII se ben en Europa non se xeneralizan ata o s.XIX e a nivel mundial ata o s.XX. En España o primeiro censo data de 1857. Existe unha grande diferenza en canto ós censos que se realizan nos distintos países sobre todo entre os países desenvolvidos e os non desenvolvidos, tanto no referido ós contidos, como ós sistemas de recollida da información, a periodicidade (en España elabóranse cada dez anos), os criterios aplicados na recollida e publicación da información, etc. A O.N.U., na procura dunha maior homoxeneidade dos censos, realiza unha serie de recomendacións entre as que figuran aquelas referidas á información que deben conter: efectivos demográficos distribuídos por idade, sexo, lugar de nacemento, estado civil, lingua falada e nivel de instrucción, acompañado de datos económicos, datos sobre a vivenda e sobre a fecundidade feminina.

**PADRÓN MUNICIPAL:** relación dos habitantes dun concello onde figura como información básica o nome, apelidos e domicilio destes. Vai acompañada dunha serie de datos particulares de cada habitante: sexo, data e lugar de nacemento, nivel de instrucción, estado civil, profesión, parentesco ou relación co cabeza de familia, e o tempo de residencia no concello. É un documento público que está sometido a unha permanente actualización e que en España se elabora cada cinco anos.

**NOMENCLÁTOR:** relación das entidades de poboación que conforman un determinado territorio. O nomenclátor español inclúe datos de poboación, vivendas, distancias quilométricas, altitude,... dos distintos municipios.

**DENSIDADE DE POBOACIÓN:** relación establecida entre o nº de individuos que compoñen unha poboación e a superficie que ocupa. Exprésase en habit./Km<sup>2</sup>.

**TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA:** modelo que naceu en 1930 como unha descrición dos cambios demográficos acaecidos ó longo do tempo nos países desenvolvidos: transición dende unha situación de altas taxas de natalidade e mortalidade a outra caracterizada por un descenso delas. A finais da década dos 60 converteuse nunha perspectiva demográfica. Considéranse tres fases: a primeira caracterízase por un crecemento natural bastante baixo derivado de taxas de natalidade e mortalidade altas; a segunda caracterízase pola transición a taxas baixas e a capacidade potencial que se fai efectiva ó descender a mortalidade antes que a natalidade permitindo un rápido crecemento demográfico; na terceira etapa a taxa de mortalidade acada o nivel máis baixo mentres que a fecundidade pode continuar decrecendo ata dar co tempo un decrecemento da poboación. Os países desenvolvidos experimentaron o proceso completo de transición pero os menos desenvolvidos non. Hoxe en día é un modelo moi criticado.

**TAXA DE NATALIDADE:** a natalidade fai referencia ó nº de nacementos producidos nunha poboación durante un período de tempo determinado. A principal fonte de recollida de información é o rexistro civil, igual que ocorre no caso da mortalidade. Para realizar a avaliación do fenómeno recórrase á elaboración dunhas taxas, a máis sinxela é a que se obtén como resultado do cociente formado polo nº de nados nun ano determinado e o nº de habitantes estimado a mediados dese mesmo ano, dándose habitualmente a porcentaxe obtida en tantos por mil. Este dato pode resultar pouco preciso para obter unha información que reflecta mellor a situación da poboación, elaborándose taxas como a de fecundidade por idade, a de nº medio de fillos por muller e a taxa neta de reprodución. A distribución da taxa a nivel mundial reflecta a existencia de tres situacións diferenciadas:

- os países subdesenvolvidos amosan unhas taxas moi elevadas, superiores ó 18% .
- países que presentan valores intermedios, aqueles situados entre os anteriores e os máis desenvolvidos, con taxas entre 12 e 18% .

- os países desenvolvidos que amosan unhas taxas baixas e relativamente uniformes, inferiores ó 12% .

$$\text{Taxa de natalidade} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de nacementos nun ano}}{\text{poboación absoluta nese ano}} \times 1000 = \%$$

**TAXA DE MORTALIDADE:** a mortalidade é un fenómeno relacionado co fenecemento de individuos dunha poboación durante un período de tempo determinado. O rexistro civil constitúe a fonte de información básica na que se recollen os datos acerca deste fenómeno. A medición realízase mediante diversas taxas, así unha das máis utilizadas é a taxa de mortalidade xeral que relaciona o nº de defuncións producidas ó longo dun período de tempo, habitualmente un ano, coa poboación total existente a mediados dese mesmo ano, expresándose o resultado frecuentemente en tantos por mil. Esta taxa tamén pode dar lugar a unha interpretación errónea sobre a estrutura por idades ou sobre o grao de desenvolvemento dun país. Soen utilizarse como indicadores máis precisos para determinar estas realidades tanto a taxa de mortalidade infantil como a de esperanza de vida ó nacer. Nos países máis desenvolvidos as taxas de mortalidade tenden a reducirse como froito dos adiantos técnicos que fan que a esperanza de vida sexa cada vez máis alta, co cal o que se está a producir é un paulatino avellentamento demográfico. Nos países subdesenvolvidos a situación é diferente, estes países posúen un grao de avances técnicos inferior, o que fai que as taxas sexan máis elevadas. Mortalidade alta con valores superiores ó 18% ; taxas medias entre 12 e 18% ; taxas baixas, se son inferiores ó 12% .

$$\text{Taxa de mortalidade} = \frac{\text{n}^\circ \text{ defuncións anuais}}{\text{poboación absoluta}} \times 1000 = \%$$

**TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL:** índice ou taxa de mortalidade que se rexistra nunha determinada poboación entre os nacidos vivos menores dun ano. Un dos procedementos para achala é relacionar mediante un cociente as defuncións que se producen ó longo dun ano cos nados vivos que teñan menos de 12 meses, expresándose o resultado habitualmente en tantos por mil. Actualmente téndese a distinguir entre mortalidade infantil endóxena (aquela mortalidade que se produce debido a causas conxénitas), e a esóxena (debida a causas derivadas da alimentación, condicións socioeconómicas da familia,...). A taxa de mortalidade infantil constitúe un bo indicador das condicións socioeconómicas (nivel educativo, dieta nutritiva, sanidade,...) dun país. Taxa alta con máis de 50% ; taxa media entre 25 e 50% ; taxa baixa con menos do 25% .

$$\text{Taxa de mortalidade infantil} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de mortos menores dun ano}}{\text{n}^\circ \text{ de nenos nacidos nese ano}} \times 1000 = \%$$

**TAXA DE FECUNDIDADE:** a fecundidade designa a reprodución efectiva. A taxa de fecundidade xeral pon en relación o nº de nacidos vivos co nº de mulleres en idade de procrear, isto é, entre 15 e 45 anos.

$$\text{Taxa de fecundidade} = \frac{\text{n}^\circ \text{ de nacidos vivos nun ano}}{\text{n}^\circ \text{ de mulleres entre 15 e 49 anos nese ano}} \times 1000 = \%$$

**CRECIMENTO VEXETATIVO ou NATURAL:** variación do volume dunha poboación durante un período de tempo debido ó balance entre nacementos e defuncións. Exprésase a través dunha taxa bruta que indica a diferenza entre as taxas brutas de natalidade e mortalidade en tantos por cen. O balance pode ser positivo ou negativo.

- taxa de crecemento natural moi alto se é superior ó 3%.
- taxa “ “ alto se está entre 2 e 2,9 %.
- taxa “ “ moderado entre 1 e 1,9%.
- taxa “ “ baixo de 0 a 0,9%.
- taxa “ “ negativo se é inferior a 0% (é decir, se é negativo).

$$\text{Taxa de crecemento natural} = \text{taxa de natalidade} - \text{taxa de mortalidade} = \%$$

**EMIGRACIÓN:** desprazamento dun individuo dende un territorio cara a outro distinto. Pódese distinguir entre emigración interior ou exterior dependendo de se se realiza ou non dentro dos límites do país. En Galicia a emigración funcionou como un proceso equilibrador do desaxuste entre a poboación e os recursos producidos, e a súa continuidade e intensidade non presente ningunha dúbida ó longo da Idade Contemporánea; entre 1860 e 1970 saíron de Galicia 1.200.000 habitantes.

**INMIGRACIÓN:** traslado de poboación cara a un espacio concreto, de tal xeito que para os habitantes do espacio receptor esa poboación constitúe un fluxo de inmigrantes.

**ÉXODO RURAL:** fenómeno migratorio que implica o cambio de residencia da poboación do medio rural cara ós núcleos urbanos. Estas migracións supoñen, habitualmente, o cambio de actividade dos individuos que as protagonizan. O proceso iniciouse en Inglaterra a partir do s.XVIII e un pouco máis tarde no resto dos países europeos. A distancia de atracción das cidades varía fundamentalmente en función do tamaño destas, polo xeral canto máis grande sexa maior atracción terá.

**MOVEMENTO PENDULAR:** desprazamento que realiza unha persoa dende o seu lugar de residencia ó lugar onde traballa, movemento a maioría das veces de carácter diario. Soen ser desprazamentos que van dende a área suburbana periférica á cidade, cara ás áreas centrais dela, sendo moito menos frecuentes os de dirección contraria.

**SALDO MIGRATORIO:** relación existente entre o nº de emigrantes e inmigrantes dun área ou país nun período de tempo que soe ser un ano.

**CRECIMENTO REAL:** variación do efectivo dunha poboación durante un período de tempo resultado do balance entre o crecemento natural e a migración neta. É decir, o crecemento real é igual ó natural ó que hai que **restar** o saldo migratorio.

$$\text{CRECIMENTO REAL} = \text{Crecemento Natural} - \text{Migración (emigracións - inmigracións)}$$

**ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA:** composición dunha poboación en función dunha serie de variables: sexo, idade, actividade profesional, estado civil, nivel de instrución, etc. Fanse con moita frecuencia análises de conxunto interrelacionando estas e outras variables.

**ESPERANZA DE VIDA:** cálculo do nº de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Representa a experiencia potencial dun grupo hipotético de persoas. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A media mundial de esperanza de vida ó nacer está en torno ós 60 anos, existindo nembargantes, grandes diferencias: os países menos desenvolvidos de África e Asia non a acadan, os países latinoamericanos acércanse, os países máis desenvolvidos de América do Norte, Europa e Asia están por riba da media mundial. A esperanza de vida ó nacer en Galicia e en España é superior ós 70 anos. En xeral, é uns anos superior para as mulleres que para os homes.

**TAXA DE MASCULINIDADE:** relación existente entre a poboación masculina e o resto da poboación ou dunha parte concreta dela. Existen moitas maneiras de medila, dúas delas consisten en establecer a proporción entre os homes e o conxunto xeral da poboación, ou tamén a proporción de nenos entre todos os nacidos. A situación actual revela a existencia dun predominio nos países desenvolvidos do sexo feminino sobre o masculino, namentres que nos denominados países subdesenvolvidos a situación é a contraria. A estrutura por idades inflúe nos índices de masculinidade xa que unha poboación nova amosa o predominio dos homes como reflexo do nacemento dun maior número de varóns que de femias. Pola contra nas poboacións con certo grao de avellentamento dáse un predominio das femias que posúen unha maior esperanza de vida que os varóns.

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN:** representación gráfica da estrutura por sexo e idade dunha poboación. Trátase dun gráfico no que aparecen representados o nº de varóns á esquerda e o de femias á dereita, namentres que a distribución por idades se fai nun eixo vertical que aparece dividido a partir de cero en períodos de cinco anos. A representación resultante dá unha forma de pirámide que pode amosar, dependendo da estrutura da poboación, diferentes formas.

**ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO:** indicador que relaciona a poboación total cos grupos de idade, neste caso, co grupo de máis de 65 anos. Considérase país vello ó que ten máis do 12 % da súa poboación total con máis de 65 anos; país xoven, cando máis do 40 % ten menos de 15 anos, e país intermedio cando menos do 40 % da poboación é xoven e menos do 12 % é vella.

**RÉXIME DEMOGRÁFICO:** conxunto das características que definen a traxectoria demográfica dun país (natalidade, mortalidade, mortalidade infantil, ...). Indica se falamos dun país evolucionado e moderno ou preindustrial e atrasado.

**POBOACIÓN ACTIVA:** sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar, é dicir, entre os 16 e 64 anos, salvo excepcións.. Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada.

**POBOACIÓN INACTIVA ou NON ACTIVA:** grupo de persoas que non está en idade de traballar (xóvenes menores de 16 anos, maiores de 65 anos) ou que estando en idade de traballar non buscan emprego : xubilados e pensionistas, escolares ou estudantes, retirados, rendistas, persoas adicadas ós labores do fogar, incapacitados para o traballo, menores non escolarizados,...

**TAXA DE ACTIVIDADE:** obtense relacionando o número total de persoas que están en idade de traballar nun país e nun ano concreto coa poboación total. A porcentaxe dáse en %.

$$\text{TAXA DE ACTIVIDADE} = \frac{\text{poboación activa} \times 100}{\text{poboación total}}$$

**TAXA DE PARO:** relación entre a poboación en paro e a poboación activa total (empregados e desempregados).

$$\text{TAXA DE PARO} = \frac{\text{nº de parados}}{\text{poboación activa}} \times 100$$

**SECTOR PRIMARIO:** inclúe todas as actividades económicas relacionadas cun primeiro contacto ou transformación dos recursos naturais, é dicir, agricultura, gandería, pesca, explotación forestal ou silvicultura e minería. Algúns autores inclúen a actividade mineira no sector secundario.

**SECTOR SECUNDARIO:** sector da economía dun país que se caracteriza polas actividades industriais que transforman as materias primas ou produtos non elaborados en produtos elaborados. En España esta actividade atópase, como noutros países desenvolvidos, nun proceso de descenso en relación coa poboación activa que ocupaba en 1995, no conxunto dos sectores un 29%, fronte ó 8,9% para o sector primario e o 60% para o terciario. Dentro do sector secundario inclúense as industrias e a construción.

**SECTOR TERCIARIO:** sector económico que agrupa a todas aquelas actividades coñecidas como servicios, que non producen bens materiais de forma directa, senón que son bens non transformados que satisfan unha necesidade da poboación, tales como comercio, transporte, sanidade, educación, turismo, finanzas,... A súa importancia convertiu este sector no dominante dentro do volume económico dos países desenvolvidos, así, canto máis elevado é o nivel de desenvolvemento dun país, maior será o seu grao de terciarización, seguido polo sector secundario e, en último lugar, o primario. Hai autores que que diferencian o sector terciario das actividades administrativas e financeiras ante a importancia destas, polo que se fala dun **sector terciario superior ou cuaternario**. Tamén hai que distinguir entre os servicios públicos, os privados e os de carácter mixto.

**TERCIARIZACIÓN:** cando a economía dun país está tan evolucionada que a actividade principal, con gran diferenza respecto das restantes, corresponde ó sector servicios. Dáse nos países moi desenvolvidos.

## COMENTARIO PIRÁMIDES DE POBOACIÓN

1. Observación detida da pirámide.
2. En caso de non levalo, a representación debe completarse cun eixo vertical graduado cronoloxicamente coa data de nacemento de cada grupo de idade.
3. Comentario da estrutura por sexos:
  - recordar que sempre nacen máis mulleres que homes. Constatalo na pirámide.
  - sinalar o momento en que se produce a equiparación entre ambos sexos e explicar as súas causas.
  - comprobar como volven a desequilibrarse os efectivos demográficos de cada sexo na idade anciá. Explicar as causas de que isto suceda.
  - facer referencia á esperanza de vida.
4. Iniciar o comentario da estrutura por idade:
  - separar os grupos de idade por liñas, claves,...
  - estudar cada un dos grupos de idade ( porcentaxes ou datos absolutos).
  - sinalar as características desa poboación según os grupos de idade.
5. Comentar os rasgos da natalidade, mortalidade e crecemento natural.
6. Analizar a forma e perfil da pirámide. Explicar os seus rasgos. ¿En que fase demográfica se atopa?.
7. Interpretar as irregularidades: entrantes e saíntes.
8. Deducir e explicar os problemas futuros que pode presentar esa poboación.

## PIRÁMIDE DA POBOACIÓN DE ESPAÑA EN 1997

A pirámide de poboación é unha representación gráfica que reflicte a estrutura da poboación dun determinado lugar (neste caso España) por sexo e idade nun momento determinado (1997). A partir dela poden analizarse os sucesos que tiveron importancia para a demografía nos máis ou menos cen anos anteriores ó momento e lugar ó que se refire a pirámide.

No eixe horizontal represéntanse, á esquerda, os efectivos da poboación masculina, e á dereita, os da poboación feminina, en cifras absolutas ou en tantos por cento.

No eixe vertical se representan os grupos de idade, de cinco en cinco anos, desde os 0 ós 85 ou máis anos.

### 1. Estructura por sexos: (ver sex ratio ou taxa de masculinidade).

- nacen máis varóns que femias (1.000.000 – 900.000 máis ou menos, en 1979)
- en torno ós 40 – 44 anos ambos sexos se equiparan debido á maior mortalidade masculina (traballos máis duros fisicamente, accidentes laborais, de tráfico, infartos, cancro, ...), á emigración, sobre todo masculina,...
- a partir dos 55 – 59 anos viven máis mulleres que homes (menor esperanza de vida destes) polas causas antes mencionadas e polas repercusións da Guerra Civil.

### 2. Estructura por grupos de idade:

- 19.800.000 homes + 20.300.000 mulleres = 40.100.000 habit. (máis ou menos).

- índice de envellecementos:  $\frac{\text{maiores de 65 anos} \times 100}{\text{poboación total}}$

$$\begin{array}{r} \text{homes de máis de 65 anos} = 2.500.000 \\ \text{mulleres " " " " " " } = 3.500.000 \\ \hline 6.000.000 \end{array} \quad \frac{6.000.000 \times 100}{40.100.000} = 14,7\%$$

- xóvenes:  $\frac{6.100.000}{40.100.000} \times 100 = 15,2\%$

- adultos:  $\frac{13.300.000 \text{ (homes)} + 13.100.000 \text{ (mulleres)}}{40.100.000} \times 100 = \frac{26.400.000}{40.100.000} \times 100 = 65,8\%$

- España en 1997, era un país cun claro índice de envellecemento ( máis do 12% de persoas con máis de 65 anos).

- a poboación máis numerosa é a de adultos. O nº de xóvenes é escaso e a proporción de anciáns é importante.

- as causas do envellecemento da poboación española son:

- o descenso da natalidade, que dá lugar a unha redución dos xóvenes.
- o descenso da mortalidade.
- o aumento da esperanza de vida, co cal cada vez chegan máis persoas a idades avanzadas.

3. A pirámide de 1997 ten forma de **furna ou bulbo**, o que significa que a poboación española está envellecida. Podemos apreciarlo en.

- a base da pirámide é estreita: taxa de natalidade baixa en 1997.
- a cúspide é bastante ancha: taxas de mortalidade baixas e elevada esperanza de vida.
- a zona media é moi abultada: alta proporción de poboación adulta.

#### 4. Natalidade e mortalidade.

a) A natalidade é moi baixa, en torno ó 9% debido a:

- a incorporación da muller ó mundo laboral.
- o control da natalidade mediante o uso de medios anticonceptivos.
- a búsqueda dun maior benestar económico e social reducindo o nº de fillos.

b) A mortalidade é tamén baixa, en torno ó 8,8%, cunha esperanza de vida que ronda os 80 anos. As causas son:

- a mellora das condicións alimenticias, hixiénicas e sanitarias.

Pero parece que haberá unha lixeira subida na taxa de mortalidade debido ó envellecemento da poboación.

5. España en 1997, está na **fase demográfica moderna**: baixas taxas de natalidade e mortalidade, crecemento moi reducido e forte envellecemento da poboación. Estes datos fannos supoñer que nos estamos achegando á 5ª fase, a do crecemento cero ou negativo.

#### 6. Entrantes e saíntes.

a) **Entrantes**:

- 1918 – 1922: ( 75 – 79 anos)epidemia de gripe; importante mortalidade, sobre todo nos homes, nos que o contaxio era maior porque ó traballar fóra de casa relacionábanse máis.

- 1913 – 1917: (80 – 84 anos)case non se aprecia a mortalidade pola Guerra Civil (maior nos homes, que marcharon á fronte, entre os 20 e 30 anos), pero é que xa morreron moitos pola idade avanzada deste grupo. De todas formas viven máis mulleres (non foron á guerra) que homes.

- 1938 – 1942: (55 – 59 anos) poboación escasa pola redución da natalidade durante a guerra (crise, parellas separadas fisicamente) e nos primeiros anos da posguerra ( fame e carencia de nivel económico mínimo).

- Non se aprecia un entrante nos anos 58 – 68,... (corresponderíase cunha época de baixa natalidade por ser escasos os efectivos entre 20 e 30 anos, nados durante a Guerra Civil9 porque é unha época de crecemento demográfico.

- Dende os anos 80, descenso da natalidade: entrante cada vez máis pronunciado (crise económica, traballoda muller, busca dun mellor nivel de vida,...)

b) **Saíntes**:

- anos 60: baby boom derivado do desenvolvemento industrial, do éxodo rural e o aumento do nivel de urbanización. Dáse un importante crecemento da natalidade que non aparece máis abultado pola emigración a Europa da época.

#### 7. Consecuencias do envellecemento:

a) O financiamento das pensións non depende do cotizado polos anciáns durante a súa época de actividade, senón das cotizacións dos traballadores en activo en cada momento, polo tanto, o aumento do nº de anciáns e a reduccción da poboación activa (menos xóvenes hoxe serán menos adultos no futuro) suporá problemas na percepción das pensións no futuro, de aí que os gobernos promovan xa agora os plans de pensións e de xubilación.

b. Os anciáns realizan moitas visitas médicas, demandan gran cantidade de recetas (gasto farmacéutico elevado) requiren máis estancias hospitalarias e necesitan residencias e centros xeriátricos. Todo isto leva consigo a necesidade de maiores recursos económicos por parte do Estado.

c) A nivel social, aparte da necesidade de máis residencias públicas e privadas, os ancian´s requiren tamén a necesidade de sentirse útiles e distraccións que elevarán os gastos sociais do Estado.

As solucións ó envellecemento da poboación española pasa pola promoción da natalidade por parte do Estado con políticas sociais de axuda ás familias con fillos. A situación pode mellorar ó se estar producindo unha importante chegada de inmigrantes, xente xoven con fillos e en idade de ter aínda máis.

## PIRÁMIDE DA POBOACIÓN ESPAÑOLA DO 2001

### TIPO DE IMAXE

- Pirámide de poboación formada por dúas gráficas de barras enfrontadas.
- Os homes aparecen representados na da esquerda e as mulleres na da dereita.
- Nas adscisas aparecen os grupos de idade ordenados de 5 en 5 anos.
- nas ordenadas represéntanse os efectivos de poboación para cada grupo de idade, en %.
- no lateral esquerdo represéntase a data de nacemento correspondente a cada grupo de idade.

### ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

a) Por sexos:

- a relación de sexos varía segundo as idades.
- a pirámide amosa unha porcentaxe máis elevada de mulleres. Pero na base predominan os homes, ó nacer máis nenos que nenas (sex ratio 106 – 100).
- no vértice da pirámide hai máis mulleres que homes xa que estas teñen unha esperanza de vida maior e os homes víronse afectados pola guerra civil e o seu propio estilode vida (traballo, relacións sociais,...)



## PIRÁMIDE DE POBOACIÓN ESPAÑOLA E ESTRANXEIRA NO 2005

### 1. Tipo de imaxe:

A pirámide é un gráfico de barras que amosa a estrutura por sexo e idade da poboación española e estranxeira en 2005. Os datos aparecen en %, á esquerda os homes e á dereita as mulleres. No extremo esquerdo aparece o ano de nacemento organizado de cinco en cinco anos, como cada unha das barras. A liña negra sinala os efectivos de poboación estranxeira.

### 2. Estructura por sexo:

Observamos que, como é habitual, nacen máis homes que mulleres (a barra dos 0-4 anos é máis longa do lado dos varóns). Como a mortalidade masculina é maior, chega un momento (45-49 anos) no que os efectivos dos sexos iguálanse. A partir dese momento, hai máis mulleres, de modo que nos últimos anos hai un claro predominio das anciás. As causas da sobremortalidade masculina son a maior fortaleza biolóxica das mulleres e o feito de que os homes tiveron tradicionalmente un estilo de vida con máis exposición a factores de risco (maior participación en guerras, traballos máis duros e con risco de accidentes,...), mentres que as mulleres viron reducir considerablemente a mortalidade no parto e o posparto (nacementos en clínicas, progresos médicos,...), teñen hábitos alimenticios máis ordenados e menor incidencia de hábitos nocivos en exceso como o alcohol e o tabaco.

### 3. Estructura por idade:

A estrutura por idade reflíctese na forma de funa da pirámide. A base, metida claramente cara dentro dende hai 25 anos indica natalidade baixa e en descenso, e determina a existencia dun baixo porcentaxe de poboación xoven, comprendida entre 0 e 14 anos. As últimas barras amosan, en cambio, un volume importante de poboación anciá ou de 65 e máis. Os dous rasgos sinalados son propios dunha poboación envellecida.

### 4. Factores que inflúen na evolución da poboación e o papel da poboación estranxeira:

Os **factores** que provocaron o envellecemento da poboación foron o descenso da natalidade e a diminución da mortalidade, acompañados do aumento da esperanza de vida.

- O descenso da natalidade foi debido a:

- A situación económica que seguiu á crise de 1975 supuxo un grave aumento do paro, que fixo que se reduciran os nacementos e retrasou a idade do matrimonio. Posteriormente, incidiu a precarización dos contratos laborais, o alto prezo de compra e aluguer de vivendas (que impide ós xóvenes emanciparse, obrigándoos a prolongar o seu período de formación e de permanencia cos pais), e a crise económica de principios da década dos 90.
- O cambio de mentalidade na sociedade a partir da transición á democracia: redución da influencia relixiosa, despenalización e uso de anticonceptivos, despenalización do aborto en certos supostos, incorporación da muller ó mundo laboral fóra do fogar, preponderancia das relacións de parella e xurdimento de novas formas familiares menos prolíficas.
- O aumento do nivel de vida: progreso do nivel cultural (valórase a formación e o benestar do fillo e prefírese ter menos e mellor atendidos), aumento da protección social (os fillos xa non son vistos como seguro de vellez dos pais) e aspiración a melloras materiais ( a adquisición de bens de consumo e o disfrute do tempo libre compiten cos gastos e a adicación que requiren os fillos, o cal incide na redución do seu número).

- O descenso da mortalidade e o aumento da esperanza de vida débense ós progresos médicos e sanitarios, ás melloras na hixiene e na dieta, e á elevación do nivel educativo e cultural.

O **papel que desempeña a poboación estranxeira** na estrutura demográfica española é o seguinte:

- Incrementa os efectivos demográficos do país.
- Na estrutura, por sexo, aumenta o número de varóns nos grupos de idade comprendidos entre os 20 e os 44 anos, debido ó maior nº de inmigrantes varóns.
- Na estrutura por idade, permite unha lixeira recuperación dos nacementos, xa que os inmigrantes teñen fillos a idades máis tempranas e en maior nº que a poboación española; incrementa os efectivos dos grupos de idade comprendidos entre os 20 e os 44 anos, aportando poboación en idade activa, disposta a ocupar postos de traballo non desexados pola poboación española, e aporta escasos efectivos ós grupos de idade correspondentes ós adultos maduros e anciáns, xa que os inmigrantes son, en xeral, adultos xóvenes. Por este motivo, nos últimos anos produciuse tamén un lixeiro descenso da taxa de mortalidade.

#### 4. Evolución posterior e consecuencias:

Na **estructura por sexo** as previsións para o futuro apuntan a que seguirá habendo máis anciás, pola maior esperana de vida das mulleres; pero se acortará a diferenza cos homes porque, ó adoptar as mulleres hábitos ata hai pouco tipicamente masculinos, diminuírá o ritmo de aumento da súa esperanza de vida.

Na **estructura por idade**, calcúlase que cara o ano 2050 España será un dos países máis envellecidos do mundo, cunha escasa porcentaxe de xóvenes (12,6%) e unha elevada porcentaxe de anciáns (31,1%).

As **consecuencias** do envellecemento afectarán ó futuro das pensións, á saúde e á integración social:

- A financiación das pensións non depende das cotizacións efectuadas polos xubilados durante a súa época de actividade, senón das que realizan os activos de cada momento. O incremento do nº de anciáns e a redución dos activos implicará modificacións importantes no sistema de pensións.
- En relación coa saúde, os anciáns consumen un elevado nº de estancias hospitalarias, receitas e visitas médicas. Iso esixe recursos crecentes e unha distribución en relación coa localización xeográfica dos anciáns, prestando atención ós municipios rurais, onde o envellecemento é forte e os equipos sanitarios escasos.
- Socialmente, o envellecemento plantexa problemas de residencia, pois cada vez son máis os anciáns que non desexan ou non poden ser acollidos pola familia e buscan instalarse en residencias privadas ou públicas, que actualmente son insuficientes. Por outro lado, está a necesidade de planexar para eles actividades que lles permitan distraerse e sentirse útiles.

